



PREGUNTAS FRECUENTES ACCESO 1º GRAO ELEMENTAL

1. Quen se pode presentar á proba de acceso a primeiro curso de grao elemental?

Calquera nena ou neno de entre 8 e 14 anos cumpridos no ano da proba.

2. É necesario ter coñecementos previos de música?

Non, a proba avalia aptitudes musicais.

3. Como se realiza a solicitude de preinscripción da proba de acceso?

A solicitude de preinscripción realízase no prazo establecido a través deste enlace

<https://www.eoidigital.com/accesocmxunta/acoruna/alumnos/>

4. Canto custa a preinscripción na proba de acceso a grao elemental?

A preinscripción na proba de acceso a grao elemental está exenta do pago de taxas.

5. Que instrumentos se ofertan?

As especialidades instrumentais para o grao elemental son: acordeón, arpa, baixo eléctrico, clarinete, clave, contrabaixo, fagot, frauta, guitarra clásica, guitarra eléctrica, óboe, percusión, piano, saxofón, trombón, trompa, trompeta, tuba , violonchelo, violín e viola.

Coñece máis sobre as nosas especialidades coa axuda destes vídeos:

<https://youtube.com/playlist?list=PLbO9FORNOKKsML91aMBkQ9wni1AiwTzt&si=mdwTcO922v4QmtHP>

6. En que consiste a proba de acceso?

A proba consiste en tres exercicios de imitación que avaliarán as aptitudes rítmicas, auditiva e vocal e psicomotriz.

7. Canto dura?

A proba ten unha duración aproximada de 10-15 minutos.

8. Que material ten que levar o/a aspirante?

O/a aspirante deberá presentarse cun documento de identificación.

9. Se suspende a proba, podería volver a presentarse na seguinte convocatoria?

Si, os/as aspirantes a ingresar no primeiro curso de grao elemental disporán dun máximo de dúas convocatorias para o acceso ao mesmo.

10. Que pasa se o/as aspirante supera a proba pero non obtén praza no instrumento seleccionado?

Nese caso o/a aspirante podería optar por unha das seguintes opcións:

CASO 1: Os/as aspirantes que superen a proba de acceso pero non obteñan praza no instrumento seleccionado quedarán en lista de espera a efectos de obter praza no caso de producirse unha vacante.

CASO 2: Os/as aspirantes que superen a proba de acceso pero non obteñan praza no instrumento seleccionado poderán elixir outra de acordo coas súas preferencias entre as vacantes que quedan por cubrir.

11. Que ocorre se supera a proba e obtén praza no instrumento seleccionado ?

Se o/a aspirante supera a proba e obtén praza deberá formalizar a matrícula no prazo establecido.

12. Canto custa a matrícula?

O prezo da matrícula xeral ordinaria para alumnado matriculado por primeira vez no Grao Elemental é de 172€ anuais.

13. Existen bonificacións nos prezos da matrícula?

Si, existen bonificacións ou matrícula gratuita nos casos de familia numerosa, certificado de discapacidade, vítimas de actos terroristas ou de violencia de xénero.

Máis información aquí:

<http://www.cmusprofesionalcoruna.es/wp-content/uploads/2025/02/instrucons-matricula.pdf>